ROSE

Markus Schleinzer, 2026

1859

ESTREA EN NUMAX: 20.11.2026 | V.O.S.E. | +12 | 94 min

A inicios do século XVII, un misterioso soldado chega a unha illada vila protestante de Alemaña afirmando ser o herdeiro dunha granxa abandonada. Aínda que se integra na comunidade e demostra ser un bo home, as sospeitas dos aldeáns sobre a súa identidade aumentan e obrigan a un axuste de contas.

«Sandra Hüller asombra de novo neste relato sobre os privilexios de xénero, impecablemente controlado»
Guy Lodge, VARIETY

Título orixinal: Rose
Ano: 2026
Duración: 94 minutos
Idioma orixinal: Alemán
Dirección: Markus Schleinzer
Guión: Markus Schleinzer, Alexander Brom
Elenco: Sandra Hüller, Caro Braun, Marisa Growaldt, Godehard Giese, Robert Gwisdek
Montaxe: Hansjörg Weißbrich
Son: Manuel Grandpierre
Música: Tara Nome Doyle
Fotografía: Gerald Kerkletz
Produtora: Schubert Row Pictures Walker & Worm Film ORF ZDF
Distribuidora: Avalon Cine

PREMIOS E FESTIVAIS
Berlinale 2026 (Oso de Prata - Sandra Hüller)



Entrevista con Markus Schleinzer: «Estudei os casos de centos de mulleres que puxeron pantalóns para presentarse como homes»

***Rose* é unha obra de ficción, pero inspirácheste en historias reais de «mulleres que levaron pantalóns». Que casos salientables do pasado te inspiraron á hora de crear a historia de *Rose*?** Hai uns anos, unha amiga historiadora chamoume para felicitarme polo meu aniversario e faloume dun interesante proceso xudicial que tivo lugar en Alemaña e que ela relacionaba con esa data. Exactamente 250 anos antes de que eu nacese unha muller fora executada en Halberstadt por ser declarada culpable de facerse pasar por home e de sodomía. Considéraselle a última muller na historia xurídica alemá en ser executada por este delito. Naquela época, agrupábase baixo o nome de «sodomía» o amor entre persoas do mesmo sexo, a zoofilia e a penetración con obxectos.

Esta felicitación de aniversario foi o comezo dun longo proxecto de investigación no que estudei os casos de centos de mulleres de diferentes séculos que, por diversas razóns, puxeran pantalóns para presentarse publicamente como homes, aínda que só fóra por un breve período de tempo. Había moitas razóns para iso: un acceso máis doado ao traballo, a posibilidade de fuxir, a delincuencia, a esperanza de evitar unha violación, a de evitar un matrimonio forzado, a de levar unha vida máis autónoma, a de acceder á educación, o desexo lésbico, a transexualidad, o patriotismo, o exotismo... Tamén atopei mulleres soldado, con armadura de cabaleiro e mulleres piratas. O guión non segue unha soa biografía, senón que representa un conglomerado do que imaxinei e os destinos individuais cos que me topei ao longo do meu percorrido investigando este tema. «Cos pantalóns era máis libre», di Rose nun momento dado. Iso é precisamente o que une os destinos das mulleres que crucei.

A pesar de todos os obstáculos, Rose esfórzase por forxar unha identidade, aínda que a sociedade acabe esnaquizando esas aspiracións. As súas accións son, sen dúbida, revolucionarias. A historia de Rose é unha historia de autorrealización. O seu desexo de vivir como un home xorde da liberdade que obtén ao facelo a nivel persoal. Ela recoñece as oportunidades que ten para levar unha determinada vida e ponas en práctica. Rodeada de formalidades irrefutables na súa época, Rose comeza contado a súa propia historia. Non pretende beneficiar a ninguén máis que a si mesma; nese sentido non é unha revolucionaria. A súa rebelión consiste no acto de posicionarse de xeito consciente contra o camiño preestablecido para as mulleres daquela época.

Por que e cando decidiches colaborar con Sandra Hüller para este filme? Ante todo son escritor. A escritura é o meu primeiro amor. Percorrín un longo camiño na miña escritura con Sandra en mente. Para min non había outra alternativa. Volvín ver as súas películas; algunha vina por ver primeira. A miña interpretación do seu talento tamén se materializou no texto, dando lugar a Rose, tanto nos momentos tranquilos e implosivos como no exterior forte e emocional. Tamén tiña a outras dúas persoas en mente mentres escribía. A Marisa Growaldt, a quen coñezo desde hai bastante tempo e que xa protagonizou a miña última película, definitivamente quería pedirlle que interpretase a narradora. O seu texto foi escrito tendo en conta a súa propia forma de falar e de pensar. E Sven-Eric Bechtolf no papel do xuíz. A súa elocuencia e a súa forma de pensar a través da linguaxe sempre me impresionou.

Publicado en avalon.me